

Arte grego

O século V a.C.

- A primeira metade é a etapa “Severa” do Arte Clásico grego.
- A segunda metade (450-401 a.C.) é a etapa propriamente Clásica do Clasicismo. Destacan: Mirón, Policleto e Fidias.
- Atenas será a líder das Polis Gregas desde o 480 (Guerras Médicas) e alí será onde se desenvolva a maioria de arte.

Arte grego

ARQUITECTURA

Video youtube da reconstrución da Acrópole [aquí](#)

Os Propileos

- Eran a entrada monumental da Acrópole pero non se rematan.
- Son de época clásica (época de Pericles)
- O autor foi Mnesicles.
- Era un pórtico pechado que protexía a Acrópole e aos atenienses en caso de que houbera unha invasión.
- Xusto ao sair do pórtico os visitantes atopábanse cunha estatua colosal de Atenea.
- Básicamente é de orde dórico pero algunhas das columnas (as máis tardías) son xónicas.
- Na parte dereita está construído o templo de Atenea Niké




ERECTEION


- Arquitectura clásica (s.V a.C.)
(421- 407 a.C.)
- Orde xónico (explicar)
- Material: Mármore.
- Erixido no lugar onde estaba o templo de Atenea que foi destruído nas guerras Médicas (480 a.C.)
- Irregular polo terreo onde está, ten 3 pórticos e estaba adicado a 3 personaxes: Atenea, Poseidon e Erecteo
- No exterior está a árbore de Atenea (olivo = paz),
- No interior está o lugar onde a mitoloxía dí que Poseidon clavou o seu tridente durante a loita con Atenea (e un buraco no teito no mesmo lugar)
- Autor/es: (¿Filocles? ¿Ictinos? ¿Mnesicles?)
- Na decoración destacan as Cariátides (explicar).



Atenea Niké (“Niké áptera”)

- **Arquitectura clásica (s.V a.C.) (421a.C)**
- **Conmemora a vitoria sobre los persas na batalla de Salamina 448a.C. (“Niké” significa “victoriosa”)**
- **No seu interior había unha figura de Atenea, personificada como Vitoria pero sen ás (áptera) para que non marchara**
- **Autor: Calícatres.**
- **Orde xónico (explicar) moi reducido por estar adaptado ao lugar asignado (un bastión dos Propileos).**
- **Tetrástilo - Anfipróstilo.**
- **O friso estaba decorado coas Guerras Médicas e os frontóns adicados a Atenea (detalle na seguinte diapositiva)**
- **Mide 8m de alto e a Cella é de 4mx4m para darlle unha proporción esbelta (uso das matemáticas como ferramenta)**





PARTENÓN (70m x 31m)

- **Arquitectura clásica (s.V a.C.) (447- 432 a.C)**
- **Orde Dórico (explicar)**
- **Material: Mármore.**
- **Adicado a Atenea na Acrópole.**
- **Octástilo, períptero (8x17)**
- **Autores: Ictinos e Calícrates (decoración de Fidias)**
- **A decoración das metopas: Xigantomaquia (leste), Amazonomaquia (oeste), Centauromaquia (sur) e A Guerra de Troia (norte).**
- **A decoración dos tímpanos: Nascimento de Atenea (leste, principal) e Loita entre Atenea e Poseidon (oeste)**
- **No interior había unha estatua crisoelefantina de Atenea (explicar)**
- **Efectos visuais (explicar correccións) para manter a harmonía e o equilibrio.**




Arte grego

ESCULTURA

DISCÓBOLO (Mirón)

- **Escultura clásica**
Transición (455 a.C.) Severo-Clásico.
- **Vulto redondo (múltiples puntos de vista)**
- **Material: Bronce (copia romana-mármol)**
- **Habitualmente esculpía a atletas.**
- **Representa un movimiento congelado**
(justo antes de lanzar el disco, innovación → antes el disco se colocaba entre las manos).
- **Tratamiento anatómico trabajado,**
máxima tensión corporal pero rostro sereno.
- **Aún tiene elementos preclásicos: Músculos planos, pelo antinatural,**
total inexpresividad.
- **Fuerte torsión del cuerpo pero al mismo tiempo armoniosa**




DORIFORO (Policleto)

- **Esc. Clásica, época clásica (445 a.C)**
- **Vulto redondo (múltiples puntos de vista)**
- **Plasmación práctica do Canon (explicar).**
- **Orixinal: Bronce, copia romana-mármore (ambas policromadas)**
- **Movemento acompasado: Contrapposto (explicar).**
- **Gana profundidade (volume) botando atrás o pé.**
- **Representa a un atleta que volve tras recoller a lanza ¿Idealización de Aquiles?**
- **Rostro sereno**
- **Tratamento anatómico moi traballado pero aínda moi xeométrico (posiblemente no orixinal de bronce non se notaría tanto).**
- **Rompe definitivamente coa simetría arcaica, ademáis mide 2,12m de altura, non é natural pero deixa de lado o Colosalismo.**



DIADÚMENOS (Policleto)

- **Esc. Clásica, época clásica**
- **Vulto redondo (múltiples puntos de vista)**
- **Copia romana de mármore do orixinal de bronce.**
- **Representa a un atleta grego ceñendo na súa cabeza a cinta da victoria.**
- **Segue o Canon (7 cabezas)**
- **Equilibrio- Contrapposto (explicar) máis traballado.**
- **Tratamento anatómico máis perfeccionado que o Doríforo**
- **Rostro sereno (aloxado da idealización)**




DECORACION DO PARTENÓN


(Fidias)

- Escultura clásica grega (440 a.C.)
- Friso da Procesión das Panateneas (ao redor da Cella do Partenón (160m) – baixorrelevo. Importante evoluciondo tratamento das ropaxes (“Técnica dos panos mollados”).
- A decoración das metopas: Xigantomaquia (leste), Amazonomaquia (oeste), Centauromaquia (sur) e A Guerra de Troia (norte).


↕ **altorrelevos**

- A decoración dos tímpanos: Nacemento de Atenea (leste, principal) e Loita entre Atenea e Poseidon (oeste)
- Fidias era o director das obras da Acrópole e tiña un equipo de artistas traballando no seu obradoiro (non todas as metopas son súas)
- As figuras das metopas e dos frontóns adáptanse ao marco, con predominio da composición triangular.
- Tivo que escapar por unha acusación de fraude (estatuas crisoelefantinas-*comentar-*)





PROCESSION DES PANATHÉNÉ
FRAGMENT DE LA FRISE DU PARTHÉNO
642 - 438 AVANT J.C.




O Tránsito do século V a.C. ao IV a.C.

- Atenas perde o seu peso político pola Guerra do Peloponeso, na cal perden cartos, territorios e sobre todo a Pericles (que morre dunha epidemia).
- A arte diversifícase en canto á súa localización espacial pola península dos Balcáns e por Asia Menor.
- Entre o 400a.C. e a morte de Alejandro Magno é a etapa postclásica: Lisipo, Praxíteles e Scopas.

HERMES CON DIONISOS (Praxíteles)

- Esc Clásica, postclásica
- Tamén chamado “Hermes de Olimpia”
- **Vulto redondo (múltiples puntos de vista)**
- É o Orixinal de mármore (aínda que tamén facía bronce) policromado por Nikias.
- Prefire corpos adolescentes (máis suaves)
- Trata de suxerir o carácter psicolóxico das personaxes (expresión melancólica)
- Representa o Hermes cando leva a Dionisos para escondelo de Hera mentres lle ofrece un racimo de uvas (que non se conserva)
- A composición cúrvase sobre a cadeira (Curva Praxiteliana)
- O soporte sobre o que se apoia está “escondido” cos panos do manto...
- Introduce a figura dun neno pequeno → antecede ao Helenismo.



AFRODITA DE CNIDO (Praxíteles)

- Escultura grega postclásica...
- **Vulto redondo (múltiples puntos de vista)**
- Cópia romana mal conservada, o orixinal era de mármore policromado.
- Primeira figura feminina espida, cambio de signo no **ideal de beleza...**
- Considerada no seu momento a + fermosa do mundo (estatua de culto a Afrodita no seu santuario principal)
- Transmite equilibrio a pesar de estar xirándose (curva prax...)
- O soporte está cuberto polo peplo da deusa para que pareza que non ten función de soporte...
- Realista, efecto de morbidez nas carnes (sueves)
- Gran detalle no pelo e no rostro (serenidade)




APOLO SAURÓCTONOS (Praxíteles)

- Escultura postclásica grega
- Apolo tratado como un adolescente
- Integra a obra na paisaxe (árbore como soporte da escultura)
- Representa a Apolo no momento de matar a un lagarto → simboliza a loita do ben contra o mal (Apolo=Luz vs. Lagarto=Tembras)
- O mito convértese na travestura dun mozo (precedente do Helenismo)
- **Formalmente comentar igual que o Hermes**



MÉNADE (Scopas)

- Escultura postclásica grega (...)
- Material pedra caliza
- Vulto redondo pero pensada para ser vista de lado)
- Moi deteriorada, levaría un cabrito no ombreiro esquerdo para a orxía.
- Sacerdotista de Dionisos nunha orxía bailando frenéticamente.
- Scopas destaca como autor do “pathos” das **emocións** e do trágico (ao contrario que Praxíteles que é superficial)
- Precursor directo do Helenismo
- Movemento descontrolado



APOXIÓMENOS (Lisipo)

- **Escultura postclásica grega** (case Helenística)
- **Orixinal de bronce, copia romana en mármore** (explicar)
- **Vulto redondo con múltiples puntos de vista** introducíndose no espazo do espectador (deixa de primar o punto de vista frontal)
- **Evoluciona o Canon, alongándoo a 8 cabezas en lugar das 7...** (explicar)
- **Acción de quitarse o pó de enriba tras a competición co “strigilis”**
- **Inestabilidade → contrapposto...**
- **Non é un heroe nin gañador, transmite no rostro certa “decepción”, é un acto cotidiano.**
- **O carácter do personaxe ten importancia** (rostro, pelo... con gran detalle)
- **Foi o gran retratista** (coincide ao final da súa obra con Alejandro Magno)



HELENISMO

- **Período Helenístico. (323 a.C. – s., e continúa logo na parte oriental do Imperio Romano)** Iniciase tras a morte de Alejandro Magno.
- **Supón a universalización da cultura grega a través do Imperio de Alejandro e a transformación do canon grego tras fusionarse con tendencias orientais**
- **Desaparece o concepto de polis (cidade-estado) aparecendo as cidades vinculadas ao comercio marítimo → Rica burguesía → aumento das temáticas e exaltación dun novo ideal da vida humana moito máis profano, vitalista, incontenido e pasional.**
- **Gran movemento nas obras**
- **Novos personaxes: Nenos, mortos, enfermos, vellos...**
- **O realismo substitúe á idealización**
- **Aparecen espectaculares grupos escultóricos perfectamente conjuntados e cheos de movemento.**
- **Aparecen varias Escolas: Atenas, Pérgamo, Rodas ou Alejandría**

